

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOAÑA

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña aprobou provisionalmente o día 26 de maio de 2016 a Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo da Escola Municipal de Música.

Publicado o anuncio no BOPPO nº 113, do 14 de xuño, e transcorrido o prazo de 30 días hábiles para reclamacións e suxestións, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2016 e tralo ditame favorable da Comisión de Facenda e de acordo co informe icos, acordou admitir a trámite as alegacións presentadas, desestimálas de acordo co informe emitido pola interventora municipal, e aprobar e publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, momento no que entrará en vigor.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación do seu texto íntegro:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais, este Concello acorda a imposición do prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

ARTIGO 2º. CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán as persoas usuarias que voluntariamente soliciten a prestación dos servizos da Escola Municipal de Música, quedando obrigadas ao seu pagamento.



ARTIGO 3º. CONTÍA

Establécense para o alumnado da escola as seguintes contías:

TIPO FORMACIÓN	COTA MATRÍCULA	COTA TRIMESTRAL
INICIACIÓN MUSICAL A 1 MATERIA COMPLEMENTARIA SOLTA	42€	21€
INICIACIÓN MUSICAL B 2 MATERIAS COMPLEMENTARIAS SOLTAS		42€
FORMACIÓN INSTRUMENTAL COMPLETA NIVEL 1	55€	60€
FORMACIÓN INSTRUMENTAL COMPLETA NIVEL 2 e 3		72€
TIPO FORMACIÓN	COTA MATRÍCULA	COTA ÚNICA
CURSOS FORMACIÓN tipo A	/	27€
CURSOS FORMACIÓN tipo B	/	42€

As contías contempladas neste artigo sufrirán a súa revisión anual con respecto do incremento do IPC, tras a aprobación das novas tarifas por parte da Xunta de Goberno local.

ARTIGO 4º. NORMAS DE XESTIÓN

1.—As persoas solicitantes do servizo deberán presentar no Centro, dentro dos prazos establecidos por acordo da Xunta de Goberno local para cada convocatoria, a correspondente declaración nos impresos habilitados para tal efecto.

2.—O pagamento da contía da matrícula farase efectivo a través do ingreso do importe que indica o artigo 3º, efectuándose nas entidades financeiras e de cobro debidamente autorizadas. A xustificación do pagamento desta efectuarase no Centro.

3.—O prazo para o pagamento da matrícula será entre os días 20 e 30 de xuño de cada ano para o alumnado que continúa estudos no curso seguinte e que non solicita bonificación ou só solicita bonificación tipo A das establecidas no artigo 5º. Para o alumnado novo e para aquel que solicita bonificación tipo B, C ou D o prazo de aboamento da matrícula será entre o 5 e o 15 de setembro de cada ano.

Excepcionalmente no ano 2016 todo o alumnado pagará a matrícula entre o 5 e o 15 de setembro.

4.—O pago das cotas farase nas entidades financeiras e de cobro debidamente autorizadas ou por medio de domiciliación bancaria, sempre e cando este servizo estea dispoñible, facilitando a certificación da titularidade de conta emitida pola entidade bancaria no momento da formalización da matrícula e asinando a correspondente autorización. O importe correspondente será aboado no primeiro mes de cada trimestre (outubro, xaneiro e abril).



5.—As altas unha vez iniciado o curso suporán a obriga do pagamento da matrícula íntegra e a cota completa do trimestre en curso.

6.—As solicitudes de baixa deberán presentarse por escrito na recepción do Centro antes do remate do segundo mes natural do trimestre en curso para producir efectos no trimestre seguinte. En todo caso a cota de matrícula satisfeita non será devolta.

7.—A matrícula asegura a adquisición da praza e os dereitos como alumno/a.

8.—A falta de pago dentro dos prazos establecidos dunha cota suporá a súa recarga correspondente e a perda dos ditos dereitos.

ARTIGO 5º. BONIFICACIÓNS E DESCONTOS

OPCION A

Aplicarase unha redución de prezo do 25% da matrícula e cotas:

Ás persoas matriculadas que pertenzan a familia numerosa.

Ás persoas matriculadas que pertenzan a unha mesma unidade familiar.

OPCION B

Aplicarase unha redución de prezo do 25% da matrícula e cotas en base ao interese social, no suposto en que os ingresos totais anuais, rateados por meses, non superen o índice do SMI segundo as seguintes especificacións:

Unidade familiar de 2 integrantes: 2 veces/mes o SMI

Unidade familiar de 3 integrantes: 2,5 veces/mes o SMI

Unidade familiar de 4 integrantes: 3 veces/mes o SMI

Unidade familiar de 5 ou máis integrantes: 3,5 veces/mes o SMI

OPCION C

Aplicarase unha redución de prezo do 50% da matrícula e cotas, en base ao interese social, no suposto en que os ingresos totais anuais, rateados por meses, non superen o índice do SMI segundo as seguintes especificacións:



Unidade familiar de 2 integrantes: 1,5 veces/mes o SMI

Unidade familiar de 3 integrantes: 2 veces/mes o SMI

Unidade familiar de 4 integrantes: 2,5 veces/mes o SMI

Unidade familiar de 5 ou máis integrantes: 3 veces/mes o SMI

OPCION D

Aplicarase unha redución de prezo do 100% na matrícula e cotas ás familias perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) do ano en curso e a aquelas con ingresos cuxa contía familiar non supere o importe desta renda. En ambos os casos é preceptivo o correspondente informe dos Servizos Sociais do Concello para poder acceder á bonificación.

As persoas usuarias que soliciten acollerse ás bonificacións deberán achegar a documentación requirida especificada nos impresos de matrícula que sexan aprobados pola Xunta de Goberno local para cada convocatoria. As bonificacións tipo B, C ou D serán tramitadas dentro dos prazos establecidos no Departamento de Servizos Sociais do Concello que emitirá informe de viabilidade.

As bonificacións e descontos expresados neste artigo non son acumulables entre si.

O alumnado con adaptación curricular que curse só instrumento, pagará como o alumnado de Iniciación Musical B.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

A partir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedará derogada a anteriormente vixente, aprobada polo Pleno da Corporación na data do 27 de maio de 2010 (Boletín Oficial de Pontevedra número 167, do 31 de agosto).

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada 28 de xullo de 2016, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Moaña, 16 de agosto de 2016.—A alcaldesa, Leticia Santos Paz.

